

**PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES SOBRE O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO E ACCESO AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO CONVOCADO POLA Orde do 8 de abril de 2011 (DOG do 11 de abril)**

**Marco legal:**

- Real Decreto 1284/2002 (BOE do 20/12/02), polo que se establecen as especialidades do Corpo de Profesores de Artes Plásticas e Deseño.
- Real Decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño.
- Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos do grao en deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os Decretos correspondentes aos ciclos formativos de artes plásticas e deseño.

**1ª Pregunta: ¿Qué programación poden facer os opositores sen saber a competencia docente ou materias que poden impartir?**

A) As competencias docentes dos profesores do Corpo de Artes Plásticas e Deseño, segundo as súas diferentes especialidades están establecidas polos ANEXOS ao Real Decreto 1284/2002 (BOE do 20/12/02), adscribindo de xeito concreto estas especialidades do dito corpo a módulos de ciclos formativos de grao superior e medio, a disciplinas concretas nos Estudos Superiores de Deseño e nos Estudos Superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

B) Para os estudos superiores de deseño, a programación poderá referirse a calquera das diferentes materias, segundo a especialidade de que se trate, de acordo co currículo establecido polo Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ás ditas ensinanzas (DOG do 12/08/05), agás o primeiro curso destes estudos por estar extinguido no presente curso escolar.

C) Para os estudos da nova ordenación, regulados polo Real decreto 633/2010, do 14 de maio, a programación poderá referirse a calquera das diferentes materias dos catro cursos, segundo a especialidade de que se trate, de acordo co currículo establecido polo citado Real decreto e desenvolto na Orde do 30 de setembro de 2010.

**2ª Pregunta: ¿Pódese presentar una programación de 1º de Estudos Superiores de deseño?**

Non se pode facer programación de ningunha das materias que integran o 1º curso dos Estudos Superiores de Deseño en extinción. Só será admitida a programación de materias integradas no 2º e 3º curso de tales ensinanzas en extinción.

**3ª Pregunta: ¿Pódese facer referencia na programación ao borrador de Decreto polo que se establece o currículo dos estudos de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, que se ten publicado no portal da Consellería de Educación e O.U.?**

Non, por tratarse dun borrador. Os aspirantes que fagan a súa programación segundo a nova ordenación das ensinanzas de grao deberán facelo seguindo o Real decreto 633/2010, do 14 de maio, e a Orde do 30 de setembro de 2010.

**Aclaración: Nas escolas de arte de Galicia impártense actualmente os seguintes niveis de ensinanzas.**

**Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño, agrupadas en familias profesionais artísticas, e materializadas en ciclos formativos de grao medio e grao superior. De todas as que existen impártense as seguintes.**

<i>Familia profesional artística</i>	<i>Ciclo formativo de grao medio</i>	<i>Ciclo formativo de grao superior</i>
DESEÑO GRÁFICO		Fotografía Artística
		Ilustración
DESEÑO DE INTERIORES		Arquitectura Efémera
XOIARÍA ARTÍSTICA	EE.MM. de Procedem.de Xoiaría Art.	Xoiaría Artística
AA.AA. DA ESCULTURA	Dourado e Policromía Ebanistería Artística	AA.AA. da Escultura
CERÁMICA ARTÍSTICA		Cerámica Artística, e EE.MM. de Cerámica Artística

Todos os ciclos formativos teñen publicado o seu currículo autonómico no DOG.

**Estudos Superiores de Deseño, en todas as súas especialidades: DESEÑO GRÁFICO, DESEÑO DE INTERIORES, DESEÑO DE MODA E DESEÑO DE PRODUTO.**

**Aínda que sexa moi coincidente, non debe confundirse esta terminoloxía coa referida ás familias profesionais de artes plásticas e deseño!**

Os currículos destas ensinanzas están asemade publicados no DOG.

**Estudos de grao en todas as súas especialidades, que son as mesmas que as dos Estudos superiores de Deseño.**